

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

**12602** *Real decreto 743/2016, do 30 de decembro, polo que se modifica o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

A Directiva 2008/90/CE do Consello, do 29 de setembro de 2008, relativa á comercialización de froiteiras e de chantóns de froiteira destinados á produción frutícola, que foi incorporada ao noso dereito positivo no Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras, aprobado polo Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, estableceu, entre as súas disposicións, a obrigaición de incluír no Rexistro de Variedades Comerciais as variedades de especies froiteiras, incluíndo aquelas variedades que viñan comercializándose antes do 30 de setembro de 2012 como material CAC (Conformitas Agrarias Communitatis), que non necesitaban estar incluídas no rexistro citado, coa condición de que tivesen unha descrición oficialmente recoñecida (DOR).

Porén, a Directiva 2008/90/CE do Consello, do 29 de setembro de 2008, non desenvolveu estes preceptos e deixou a súa regulación para un momento posterior.

Agora, a Directiva de execución 2014/97/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, que aplica a Directiva 2008/90/CE do Consello no que respecta ao rexistro dos provedores e as variedades, e á lista común de variedades, desenvolveu aqueles compromisos que anunciaba esta última directiva. Porén, e posto que se trata de disposicións que afectan a inscrición de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais, non procede facer a incorporación destas disposicións no Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de froiteiras senón no Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, que desenvolve o título II da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

As achegas da Directiva de execución 2014/97/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, establecen novas regras de Rexistro para as variedades froiteiras, no que se refire aos anos de validez do rexistro, á obrigaición de rexistrar as variedades con descrición oficialmente recoñecida, e á posibilidade de non realizar o exame de distinción, homoxeneidade e estabilidade (DHE), sempre que se cumpran determinadas condicións.

Entre as modificacións da Directiva 2014/97/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, cómpre destacar a que dispón que só coa solicitude dunha variedade pertencente a unha das especies incluídas na directiva, presentada en calquera dos rexistros de variedades de calquera Estado membro da UE, é suficiente para a comercialización de material de multiplicación desta. Esta previsión deixa sen efecto xurídico a inscrición provisional de especies froiteiras, xa que se pode proceder á súa comercialización antes do comezo dos ensaios, sen prexuízo de que se deban cumprir as demais condicións de control, etiquetaxe, etc.

Cómpre sinalar, tamén, que a inscrición dunha variedade no Rexistro de Variedades Comerciais, de especies agrícolas e hortícolas, se efectúa cando, unha vez realizados dous ciclos de ensaios consecutivos (dous anos), a variedade candidata cumpre as condicións de distinción, homoxeneidade e estabilidade, de modo que nestas especies non se debe manter a inscrición provisional durante catro anos, xa que, como moito, a súa vixencia non poderá exceder un ano (durante o segundo ciclo de ensaios) e, en casos excepcionais, dous anos, cando o segundo ano de ensaios ofrezca dúbidas sobre a súa distinción coas variedades da colección de referencia. A regra dos seis anos para especies froiteiras tampouco se debe manter ao desapareceren as inscricións provisionais nestas especies.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro.*

O Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais, aprobado polo Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. O número 5 do artigo 2 substitúese polo seguinte:

«5. Para tal efecto, no Rexistro de Variedades Comerciais inscribíranse aquelas variedades que reúnan as condicións legais establecidas neste regulamento xeral e nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades que figuran como anexos deste regulamento, así como aquelas outras variedades pertencentes a especies froiteiras cuxo material se comercializase antes do 30 de setembro de 2012 como material CAC (Conformitas Agrarias Communitatis) ou como material estándar, sempre que teñan unha descrición oficialmente recoñecida.»

Dous. O artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Artigo 11. *Requisitos previos.*

1. A Oficina Española de Variedades Vexetais admitirá solicitudes de inscrición de variedades de conservación, incluídas as variedades locais ameazadas pola erosión xenética, que cumpran as especificacións do presente artigo, así como as que se refiren ao artigo 25.

2. A Oficina Española de Variedades Vexetais poderá admitir solicitudes de inscrición no Rexistro de Variedades, pertencentes a especies froiteiras, cando se trate de variedades comercializadas como material CAC (Conformitas Agrarias Communitatis) ou como material estándar antes do 30 de setembro de 2012 e que posúan unha descrición oficialmente recoñecida (DOR).

3. Para a admisión de variedades de especies non incluídas no ámbito comunitario débese ter en conta todo o que se dispón neste regulamento.

4. Non poderá ser aceptada unha solicitude de inscrición como variedade de conservación:

a) Se foi solicitada a súa inscrición ou rexistrada no Rexistro de Variedades Comerciais ou no Rexistro de Variedades Protexidas.

b) Se foi solicitada a súa inscrición en calquera rexistro dalgún Estado membro da Unión Europea.

c) Se se encontra protexida ou foi solicitada a protección na Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) ou en calquera Estado membro da Unión Europea.

d) Se se encontra incluída ou estivo incluída como variedade no Catálogo común de variedades e non transcorreu un período de ao menos dous anos desde a súa exclusión.»

Tres. O título do capítulo IV do título I substitúese polo seguinte:

«Variedades de conservación e variedades con descrición oficialmente recoñecida».

Catro. O artigo 12 substitúese polo seguinte:

«Artigo 12. *Listas de variedades comerciais.*

1. Na Lista de variedades comerciais dunha determinada especie incluíranse, por orde do ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, todas as súas variedades que se poidan producir e comercializar en España, de acordo co previsto no artigo 5 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

2. Nas citadas ordes ministeriais indicárase se as variedades se inclúen como inscrición definitiva ou provisional, se se trata de variedades de conservación e a súa zona de orixe, se se trata de variedades desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas, se son variedades con descrición oficialmente recoñecida ou con destino exclusivo á exportación.

3. De acordo co sinalado na Lei 30/2006, do 26 de xullo, e neste regulamento, as ordes ministeriais citadas no número anterior poderán establecer restricións no uso das variedades incluídas nelas.

4. Nas citadas listas de variedades comerciais incluíranse, ao menos, os seguintes datos:

- a) Denominación da variedade e os seus sinónimos, se os houber.
- b) Características da variedade, de ser o caso (ciclo, híbrido, ploidía, etc.).
- c) O obtentor se é coñecido, noutro caso figurará «obtentor descoñecido».
- d) Se se trata dunha variedade modificada xeneticamente.
- e) Se a variedade foi inscrita cunha descrición oficialmente recoñecida.
- f) O responsable ou responsables da conservación.
- g) O ano de inscrición e, se for o caso, o de renovación.

5. Para as variedades hortícolas indicárase, ademais:

- a) Variedade cuxa semente se poderá certificar como «semente de base» ou «semente certificada», ou controlarse como «semente estándar» (lista A).
- b) Variedade cuxa semente só poderá ser controlada como «semente estándar» (lista B).»

Cinco. Engádesse un novo número no artigo 13 e queda o primeiro parágrafo como número 1 e o parágrafo engadido como número 2:

«Artigo 13. *Comunicacións á Unión Europea.*

2. Por petición dun Estado membro, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente porá á disposición deste ou da Comisión:

- a) A descrición oficial completa ou a descrición oficialmente recoñecida,
- b) Os resultados do exame das solicitudes de rexistro,
- c) Calquera outra información dispoñible sobre as variedades incluídas no rexistro e a súa supresión,
- d) A lista de variedades cuxa solicitude de inscrición se encontre pendente.»

Seis. O artigo 24 substitúese polo seguinte:

«Artigo 24. *Documentos que deben acompañar a solicitude.*

1. Ademais dos exixidos no artigo 12 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, á solicitude deberán selle xuntar os seguintes documentos:

- a) Cuestionario técnico da especie correspondente con datos relativos á variedade solicitada.
- b) De ser o caso, indicacións coas condicións ecolóxicas máis adecuadas para o seu cultivo.

c) Se o solicitante non é o propio obtentor, documento fidedigno da súa acreditación.

d) Información confidencial, se for o caso, a que fai referencia o artigo 17.4 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

e) Unha descrición oficial da variedade solicitada establecida por un organismo oficial competente doutro Estado membro da Unión Europea, se for o caso.

2. Cando a variedade solicitada sexa obxecto dun título de obtención vexetal nacional ou comunitario, ou fose solicitada para este fin, deberanse achegar os documentos relativos á propiedade da obtención ou ao título de habente causa.

3. Non será preciso a achega dos documentos relativos á autorización do obtentor ou do seu habente causa cando o obtentor sexa descoñecido, se trate de solicitudes de variedades de conservación ou existan razóns de interese público que o xustifiquen e o obtentor ou o seu habente causa demostrasen falta de interese na solicitude.

4. As solicitudes de inscrición de variedades con descrición oficialmente recoñecida levaranse a cabo mediante escrito remitido polas comunidades autónomas en que constará, polo menos, a descrición da variedade, a denominación e os datos que demostren a súa comercialización antes do 30 de setembro de 2012. Cando a documentación achegada se considere suficiente, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente recoñecerá oficialmente a descrición da variedade e quedará inscrita no Rexistro de Variedades Comerciais como variedade con descrición oficialmente recoñecida (DOR).»

Sete. Engádesse un novo número 4 ao artigo 31 co seguinte contido:

«4. Se o solicitante presenta unha descrición oficial realizada por un organismo oficial dalgún Estado membro da Unión Europea, acreditado pola Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais para a especie correspondente, e o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente considera que esa información demostra que se cumpriron os requisitos do ensaio DHE non se efectuarán estes ensaios.»

Oito. O artigo 45 queda modificado como segue:

a) O número 1 queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente por proposta da Oficina Española de Variedades Vexetais, logo de informe da comisión nacional de avaliación de variedades correspondente, poderá conceder a inscrición provisional, para variedades de especies agrícolas e hortícolas, cando, transcorrido o primeiro ano de ensaios, as variedades candidatas cumpran os requisitos de distinción e homoxeneidade de acordo co sinalado no artigo 20, números 2 e 3, da Lei 30/2006, do 26 de xullo, e que, así mesmo:

a) Conclúsen, se for o caso, con resultado positivo os ensaios de valor agronómico ou de utilización correspondentes a unha campaña.

b) Conclúsen, con resultado positivo, os ensaios de identificación correspondentes ao primeiro ano ou ciclo vexetativo completo.»

b) O número 3 queda redactado como segue:

«3. A inscrición provisional autoriza a comercialización da variedade até a finalización do procedemento cuxa resolución motivará a inscrición definitiva ou a cancelación da inscrición provisional.»

c) Elimínase o número 4 e renuméranse os números 5 a 10, que pasan a ser os números 4 a 9.

Nove. Modifícase o número 1, parágrafo primeiro, do artigo 46, que queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, por proposta da dirección xeral competente e logo de informe preceptivo da Comisión Nacional de Avaliación de Variedades, resolverá o procedemento sobre a inscrición dunha variedade e concederá a inscrición definitiva por un período de 10 ou 30 anos, segundo se trate de especies agrícolas e hortícolas, no primeiro caso, ou de especies froiteiras, no segundo, cando se comprobe que se cumpren todas as condicións exixidas na dita lei, así como neste regulamento xeral e nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades que figuran como anexos a el.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 50, que queda redactado como segue:

«1. A renovación da inscrición de variedades efectuarase de acordo co sinalado polo artigo 22 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, mediante orde do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e terá unha duración de 10 anos para especies agrícolas e hortícolas e dun máximo de 30 anos para especies froiteiras.»

Once. Modifícase a letra a) do número 4 do artigo 51, que queda redactada como segue:

«a) Cando expire o prazo de dez anos a que fai referencia o artigo 22 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, en relación con especies agrícolas e hortícolas, ou o prazo de 30 anos para as especies froiteiras.»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante o presente real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva de Execución 2014/97/UE da Comisión, do 15 de outubro de 2014, que aplica a Directiva 2008/90/CE do Consello no que respecta ao rexistro dos provedores e ás variedades, e á lista común de variedades.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2017.

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca,  
Alimentación e Medio Ambiente,  
ISABEL GARCÍA TEJERINA